

ORDENANZAS FISCAIS ANO 2009

TAXA POLA UTILIZACIÓN DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL

ART. 1º - FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos arts 133.2 e 142 da CE e polo art. 106 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, este Concello establece a taxa por licencia de apertura de establecementos, a que se refire o art. 20.4 i) da Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, modificada pola lei 25/98 do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, normas que atenden ó previsto no art. 58 da devandita lei 39/88.

ART 2º - FEITO IMPOÑIBLE

Contitúe o feito imponible a utilización do polideportivo municipal por particulares e entidades con motivo de adestramentos, partidos , espectáculos e actos extra deportivos

ART. 3º - SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuintes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o art. 33 da LXT, que soliciten, provoquen ou que no seu interese redunden as prestacións ás que se refire a presente ordenanza

ART. 4º - RESPONSABLES

Responden solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os arts. 38.1 e 39 da LXT.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 40 da LXT

ART. 5º - BASE IMPONIBLE E COTA TRIBUTARIA

1. A cota tributaria será a resultante de aplica-las seguintes tarifas.

- A) Pista polideportiva para fútbol sala futbito, baloncesto, voleibol e balonmán.
 - De 10 a 19 horas: 2,78 €
 - De 19 a 23 horas: 5,57 €
- B) Pista polideportiva para tenis
 - De 10 a 19 horas: 2,09 €
 - De 19 a 23 horas: 4,18 €
- C) Pista polideportiva para torneos, tres días por semana, cun máximo de tres meses.
 - prezo 55,77 €/día

D) D) Pista o instalación en xeral para actividades non deportivas

- prezo: 69,72 €/día

E) E) Ximnasio

- De 10 a 19 horas, de 1 a 3 persoas: 2,09 €
- De 10 a 19 horas, máis de 3 persoas: 2,78 €
- De 19 a 23 horas: 4,18 €

2. As anteriores tarifas veranse incrementadas nun 100% para os usuarios que non sexan residentes no Concello

ART. 6º - EXENCIONES E BONIFICACIONES

Estarán exentos do pagamento da taxa:

- a utilización das instalacións deportivas para celebración de campionatos escolares
- a utilización das instalacións para actividades de carácter benéfico, sexan ou non deportivas
- a utilización das instalacións para actividades organizadas polo Concello e polo Consello Municipal de Deportes
- a utilización das instalacións para actividades de escolas deportivas así recoñecidas polo Consello Municipal de Deportes.

ART. 7º - RETRIBUCIÓN

A taxa retribúese no momento mesmo en que se inicie a prestación do servizo. O usuario/s será responsable dos danos que causen nas instalacións e estarán obrigados á reparación dos mesmos. O Concello de O Pino poderá esixir-lo depósito previo da taxa para responder no seu caso das indemnizacións polos desperfectos que poidan producirse no pavillón ou calquera outro depósito complementario coa finalidade entedita

Estes últimos depósitos podeán ser constituídos en metálico mediante aval bancario, ou en calquera outra forma autorizada poloa lexislación local, e serán devoltos, no seu caso, unha vez que se amose, mediante informe do encargado do polideportivo, que non foron causados danos ou que estes xa foron reparados.

ART. 8º - XESTIÓN

O aboamento da taxa deberá realizarse na Tesourería municipal cunha antelación de 24 horas á utilización

ART. 9º - INFRACCIONES E SANCIONES

Para o tocante ás infraccións e sancións rexerá o disposto no art 77 e seguintes da LXT

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no BOP e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 1999, rexendo ata a súa modificación ou derogación.